

## Xustificación de faltas para a non exclusión dos candidatos por ausencia á xornada de acollemento ou a alguna das probas

A Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas libres de ciclos LOE, establece na súa disposición adicional segunda, relativa ás baixas de oficio:

Os centros realizarán a baixa de oficio da matrícula da proba cando unha persoa matriculada non asista inxustificadamente á xornada de acollemento á que se refire o artigo 22.2 ou a calquera das partes en que se organiza a proba de cada módulo profesional.

Para os efectos de determinación da baixa de oficio, a comisión de avaliación valorará as circunstancias na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido nas correspondentes normas de organización e funcionamento.

O CIFP Portovello aprobou polo claustro e consello social como causas xustificadas para a non exclusión dos candidatos por ausencia á xornada de acollemento ou a alguna das probas:

- Hospitalización do interesado
- Falecemento ou hospitalización dalgún familiar de primeiro grao
- Outras causas de forza maior debidamente xustificadas e libremente apreciadas pola comisión.

O prazo para xustificar a inasistencia á xornada de acollemento ou a calquera das probas é de **24 horas, e en todo caso antes da celebración da seguinte proba.**

A inasistencia xustificada polas causas anteriores a unha proba implica que esta non se realizará en outra data ou momento, pero pode seguir participando no resto do proceso segundo a normativa vixente.

## Normas durante as probas:

- a. É obrigatorio presentarse puntualmente ó inicio de cada proba. Realizarase un **único chamamento**. Aqueles aspirantes que non comparezan serán excluídos do proceso.
- b. Para acceder á proba deberase acudir provisto de **documento de identificación** (D.N.I., Pasaporte ou N.I.E.).
- c. Só se poderá acceder á aula provistos de **bolígrafo azul e negro**. Salvo que se indique expresamente na Programación de cada Módulo, **non se poderá empregar ningún outro tipo de material** (corrector, bolígrafo doutra cor, folios,...).
- d. Non se admitirá o uso de **ningún aparato electrónico** ou de comunicación co exterior desde o inicio das probas, incluído o chamamento, ate o remate das mesmas. Isto inclúe teléfonos móbiles ou calquera outro dispositivo. O seu uso será motivo de exclusión.
- e. Nas **instrucións de cada proba especificaranse os criterios de puntuación de cada unha** das mesmas. No caso de existir preguntas tipo test, verdadeiro/falso, ou outras de similar estilo, estes criterios poden incluír a penalización das respostas incorrectas.
- f. Unha vez iniciada a proba agardarase **10 minutos** antes de que ningún aspirante poida abandonar a aula na que se realiza. Neste caso entregará a proba asinada ó/a profesor/a.
- g. **Non se poderá retirar** da aula **copia algunha do exame** (en ningún formato: copia física, fotografía...) nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización da proba.
- h. Unicamente naqueles Módulos que conteñan probas Tipo Test poderá sacarse da Aula **unha PLANTILLA** coas respostas da/o aspirante e que será facilitada polo profesorado, de xeito que poidan anotar e comprobar as súas respostas, cotexándoas co Modelo de solucións que será exposto no Taboleiro de Anuncios do centro. Nesa plantilla non se poderá facer ningún tipo de anotación.
- i. Entre as actuacións de tipo fraudulento, que motivarán a exclusión das persoas aspirantes, considerase a **utilización de calquera medio non permitido** para a obtención dun resultado satisfactorio, tanto se fose empregado ou se intentase facelo. Neste caso cualificarase esa parte da proba cun cero.